

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Eva Solla Fernández** e os deputados **Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García e Ramón Vázquez Díaz**, membros do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta escrita**, relativa ao despedimento dos traballadores do GES de A Fonsagrada e Guitiriz.

Coa renovación do convenio de colaboración en materia de emerxencias e para apoiar ao funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para 2016-2018, suscrito entre a Xunta, a FEGAMP e as deputacións provinciais, vén de acontecer un feito chamativo: as plantillas dos GES veñen de seren renovadas coa excepción das de A Fonsagrada e Guitiriz.

Lonxe de compartir o modelo de emerxencias do goberno galego caracterizado pola falla de coordinación, pola atomización, as privatizacións e a falla mesmo do cumprimento de contidos clave da vixente lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, este grupo parlamentario non pode compartir un uso sectorio e caciquil da política de contratacións dos grupos de emerxencias supramunicipais. Os concellos de Guitiriz e A Fonsagrada teñen optado polo despedimento das plantillas que conformaban os respectivos GES, mantendo no caso do de Guitiriz a algún membro do grupo.

A cláusula terceira do devandito convenio prescribe que cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente. E no anexo sétimo sobre medios persoais, ao referir a contratación do persoal – e logo de sinalar tanto a carencia de persoal especializado agás o moi limitado dos parques comarcais de bombeiros e a necesidade de formación e experiencia – se indica que aqueles concellos que á sinatura do convenio dispoñan de persoal seleccionado consonte aos principios de publicidade, mérito e capacidade poderán continuar a adscribilos ao servizo dos GES.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- De que información dispón a Xunta en relación cos despedimentos producidos nos GES de A Fonsagrada e Guitiriz?
- Contempla a Xunta convocar a Comisión de Seguimento Mixta e Paritaria prevista no convenio para deixar sen efecto estes despedimentos?

En Compostela, a 15 de febreiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 11:22:50

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 11:22:56

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 11:23:00

Anton Sánchez García na data 15/02/2016 11:23:02

Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 11:23:04

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 11:23:06